



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE XANEIRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00001882R.

Aprobación de Actas de sesións anteriores.

Apróbanser as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 9 de xaneiro de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 12 de xaneiro de 2023.

2. PATRIMONIO. Referencia: 2022/00006940G.

Desestimento de solicitude.

Acórdase aceptar o desestimento da solicitude de cesión de terreo público solicitada pola fundación interesada con número de rexistro 2022003817 no expediente de referencia.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00054277D.

Prórroga do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas, polo prazo de un ano a contar desde o 20 de xaneiro de 2023 ata o 19 de xaneiro de 2024 e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas, polo prazo de un ano a contar desde o 20 de xaneiro de 2023 ata o 19 de xaneiro de 2024.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 20 de xaneiro de 2011, na súa cláusula segunda establece que o importe anual será revisado anualmente conforme as variacións que experimente o índice xeral de prezos ó consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva a partir do 20 de xaneiro de 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 481,14 € mais IVE (582,18 €),

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 6.986,16 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2023 (20/01/2023 ata 31/12/2023): 6.617,45 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 19/01/2024): 368,71 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de decembro de 2022 efectúarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 20 de xaneiro de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00040676C.

Toma de razón do cambio de denominación social da UTE adxudicataria do contrato da Prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria (CEIPS) dependentes do Concello de Santiago de Compostela (CON/14/2012)” que pasa a denominarse Unión Temporal SERVEO SERVICIOS AUXILIARES SA Y SERVEO SERVICIOS SAU.

Tómase razón do cambio de denominación social da Unión Temporal FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A Y FERROVIAL SERVICIOS, SAU, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO, abreviadamente SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA que pasa a denominarse Unión Temporal SERVEO SERVICIOS AUXILIARES SA Y SERVEO SERVICIOS SAU, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO, abreviadamente SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que a vinculen con este Concello relativas ao contrato de “Prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria (CEIPS) dependentes do Concello de Santiago de Compostela (CON/14/2012)” entenderanse coa Unión Temporal SERVEO SERVICIOS AUXILIARES SA Y SERVEO SERVICIOS SAU, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO, abreviadamente SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA, e domicilio social na rúa Quintanavides, núm. 21, 28050 Madrid.

5. EDUCACIÓN. Referencia: Cambio denominación CEIP VITE.

Cambio de denominación do CEIP Vite por CEIP PLURILINGÜE DE VITE.

Acórdase:

- 1.- Dar conformidade á nova denominación solicitada pola dirección do centro educativo por acordo unánime do Consello Escolar que pasará a denominarse CEIP PLURILINGÜE DE VITE.
- 2.- Dar traslado do acordo da Xunta de Goberno Local á dirección do centro educativo.

6. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00045930F.

Aboamento de defensa e representación exalcalde polo Partido Popular no Concello de Santiago de Compostela, Gerardo Jesús Conde Roa.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o principio de indemnidade ao exalcalde do Grupo do Partido Popular Gerardo Jesús Conde Roa, sobre gastos de representación ocasionados polas Dilixencias Previas procedemento abreviado 338/2014 tramitada perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo e inhibidas ao Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, baixo as Dilixencias Previas 476/2020.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación de avogado por un importe total de TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (33.327,93 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (5.784,19 €), a aboar ao letrado.

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de procuradora por importe total de SETECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (796,56 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de CENTO TRINTA E OITO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (138,25 €), a aboar á procuradora.

7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00001687J.

Dar conta da sentenza núm. 377/2022 recaída no Procedemento Ordinario 547/2020 Social 1.

Dase conta da sentenza nº 377/2022. PO 547/2020 XS1

Obxecto: abono íntegro e non parcial dos conceptos antigüidade e produtividade.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en suplicación. A demandante, traballadora a tempo parcial como animadora sociocultural, reclamaba que, a diferenza doutros conceptos retributivos –satisfeitos en proporción á xornada desenvolvida-, as cantidades a percibir en

concepto de antigüidade e produtividade fosen aplicados de forma íntegra, sen ter en conta a xornada parcial.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de suplicación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00047835A.

Dar conta de sentenza recaída no procedemento PA 178/2022 CA 2.

Dase conta da sentenza nº 289/2022. PA 178/2022 CA2

Obxecto: impugnación providencia de constrinximento por prescrición de débedas.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Impugna a interesada o embargo de 2.551,23 euros, por débedas tributarias dos exercicios 2009 a 2018. Por Resolución do 31.05.2022 o Concello tiña estimado parcialmente o recurso de reposición, declarando a prescrición de parte das débedas; e mantendo o embargo nas restantes (exercicios 2017 e 2018). Polo que na vía contenciosa aquela reclamaba o pago inmediato dos ingresos declarados indebidos, e a declaración de prescrición das restantes débedas.

Con respecto á primeira cuestión, o xulgado desestima o recurso porque estamos ante un proceso declarativo, non por inactividade da Administración; polo que a recorrente non pode cambiar os fundamentos e pretensións no acto da vista.

En canto á segunda, resulta evidente que se estamos ante tributos dos exercicios 2017 e 2018, no 2002 non pode existir prescrición.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de recadación executiva para o seu coñecemento.

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00001688Z.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 457/2022 CA2

Dase conta da sentenza nº 290/2022. PA 457/2022 CA2

Obxecto: multa de 100 euros por non portar a máscara

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación. O demandante fora denunciado pola Policía Nacional o 05.05.2021, por non portar a máscara cando camiñaba pola rúa. Alegaba que dispoñía dun certificado médico eximente. O certificado estaba asinado polo seu pai, estomatólogo; non estaba redactado no impreso oficial do Colexio de Médicos; non especificaba a razón da eximente; e a sinatura excedía do prazo de 90 días, que con carácter xeral é o prazo de vixencia dun certificado médico.

Non obstante, o Xulgado estima a demanda ao concorrer a caducidade do expediente sancionador, causa non alegada neste pero si no recurso contencioso; polo que non entra na análise das cuestións de fondo.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00040809S.

Dar conta das sentenzas en relación aos Procedementos Abreviados 168, 220, 221, 222, 223 e 224/2021 ditadas polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.2

Dase conta das sentenzas nº 196, 191, 192, 193, 194 e 195/2022. PA 168, 220, 221, 222, 223 e 224/2021 CA2 interpostos por varios demandantes.

Obxecto: retribucións complementarias e axudas de custo durante o nomeamento en prácticas.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento das sentenzas.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución, unha vez acaden firmeza.

11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00001882R.

Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas de datas 5 a 12 de xaneiro de 2023.

URXENCIAS

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00055402A

Autorización para que a entidade absorbente INTERPARKING HISPANIA, S.A. se subrogue na posición de INTERPARKING IBÉRICA, S.L.U. nas UTES, adxudicatarias dos contratos dos aparcamentos de Ponte Castro- A Rosa e Praza Roxa.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar que a entidade absorbente INTERPARKING HISPANIA, S.A. se subrogue na posición de INTERPARKING IBÉRICA, S.L.U. nas seguintes UTES, adxudicatarias dos contratos que a continuación se sindicán: INTERPARKING IBÉRICA, S.L., CONTINENTAL S.L., PONTE-CASTRO A ROSA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 (abreviadamente «PONTE CASTRO UTE»), titular do contrato de concesión administrativa: CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DUN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NA PRAZA DE PONTE CASTRO A ROSA.

INTERPARKING IBÉRICA, S.L., CONTINENTAL PARKING, S.L., PRAZA ROXA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 (abreviadamente «PRAZA ROXA UTE»), titular do contrato de concesión administrativa: CONTRATO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN EN RÉXIME DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NA PRAZA ROXA.”

Segundo.- Para que esta subrogación se considere efectiva e válida deberán enviar a correspondente escritura pública na que a entidade absorbente INTERPARKING HISPANIA, S.A. se subroga na posición de INTERPARKING IBÉRICA, S.L.U. nas citadas UTES dos aparcamentos de Ponte Castro- A Rosa e Praza Roxa.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033324D

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto "Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira" (POS+Adicional 2/2020)”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto "Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira" (POS+Adicional 2/2020)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

14. 13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045326M

Corrección erro material do expediente de contratación “CON/68/2021 - Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios dos edificios e locais municipais”.

Acórdase:

Primeiro: Rectificar o erro material advertido no anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato do *Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios dos edificios e locais municipais* de modo que onde antes dicía:

<i>OFERTA ECONÓMICA (PCAP)</i>						
<i>Partida</i>	<i>Nome partida</i>	<i>Custo unidade</i>	<i>Unidades</i>	<i>Custo total anual S/IVE</i>	<i>IVE 21%</i>	<i>Custo total anual C/IVE</i>
01	Mantemento de extintores e sinalética	€	988	€	€	€

Pasa a dicir:

OFERTA ECONÓMICA (PCAP)						
Partida	Nome partida	Custo unidade	Unidades	Custo total anual S/IVE	IVE 21%	Custo total anual C/IVE
01	Mantemento de extintores e sinalética	€	998	€	€	€

Segundo: Conservar todos os actos e trámites realizados neste procedemento de adxudicación.

14. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/94/2020 - CON/75/2020

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno de aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución das obras de reforma dos aseos públicos na rúa Trinidad e no parque da Alameda.

Acórdase:

Correxir o erro existente na resolución da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2022 polo que se aproba, dispón e recoñece as obrigas derivadas da certificación final das obras de reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trinidad e no parque da Alameda, en Santiago de Compostela, emitida por OBRAS GALLAECIA, S.L, por importe de 9.314,06 euros. A contía real deste importe é **10.293,95 euros**.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.